

Estimadas socias:

De acordo co aprobado por asemblea e consello reitor, pasamos a explicar o **proceso de financiamento para a reforma do novo local** da cooperativa (reformas iniciadas a finais do pasado Febreiro).

As socias da cooperativa poderán participar de dúas fórmulas para colaborar no financiamento do novo local. Podedes elixir se queredes participar dalgunha das dúas fórmulas ou de ambas. Lembramos que **a participación nesta campaña e totalmente voluntaria e cos límites establecidos:**

FORMULA 1. CAPITAL SOCIAL VOLUNTARIO

- A campaña de subscrición comezará o 16 de Marzo e rematará o 31 de Marzo.
- Cun límite mínimo de 34€ e máximo de 1000€. Aconsellamos tramos de 50€.
- Deberán desembolsarse estas cantidades unha vez subscritas nun pago único. O pago pode facerse en efectivo ou mediante transferencia bancaria.
- O Capital Social voluntario pasa a integrar a participación de cada socia na cooperativa e por tanto pode recuperarse.
- Nesta fórmula de financiamento soamente poden participar socias da cooperativa.
- Inclúese neste correo o formulario "**Subscripción de Capital Social Voluntario.pdf**" que precisades encher se queredes colaborar desta forma. Atoparedes tamén este formulario no local da cooperativa.

FORMULA 2. **SOLICITUDE DE EMPRÉSTITO A COOP57.** Nestas datas estamos a punto de solicitar o empréstito de Coop57 por 15000€. Pero antes disto precisamos iniciar a campaña de solicitude de avais mancomunados, como requisito imprescindible:

- A campaña de subscrición de avais comezará o 16 de Marzo e rematará o 26 de Marzo.
- Cun límite mínimo de 100€ e un límite máximo de 1500€, en tramos de 100€.
- En principio, non supón desembolso nin inmovilización de cartos para a persoa que subscribe.
- Para entender mellor o concepto de "aval mancomunado" co que traballa Coop57, pedímosvos que consultedes o documento "**Emprestito Coop57.pdf**" que se redactou para solventar as dúbidas habituais.
- Esta fórmula de financiamento está aberta a socias e non socias da cooperativa.
- Inclúese neste correo o formulario "**Subscripción de Avais Mancomunados.pdf**" que teredes que cubrir e entregarnos xunto cunha fotocopia do voso DNI. Atoparedes tamén este formulario no local da cooperativa.

Sendo conscientes das dúbidas que poderían aparecer en calquera dos dous casos, solicitamos que consultedes a información anexa e **non dubidedes en poñervos en contacto connosco** en info@arbore.org (preferiblemente) ou no 986233497.

Unha aperta. O Consello Reitor